

ASISTENTES

Bravo Bosch, María José (presidenta)
Pita Carballo, José Luis (secretario)
Alverte Pivida, Rodrigo
Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a
Covadonga
Cuevas Alonso, Miguel
Fernández Fernández, Federico A.
García González, Silvia
Santos Grandal, Juan
Villanueva Villar, Mónica

Escusa a súa asistencia:

Casal Guisande, Manuel

Acta da sesión extraordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do luns, **16 de marzo de 2026**, ás 12:00 h en primeira convocatoria e ás 12:15 en segunda convocatoria, na Sala de reunións do 2º andar do Edificio Exeria e na Sala 16 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

O día **16 de marzo de 2026** ás 12:15 h., en segunda convocatoria, deu comezo a sesión extraordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión do día 04 de marzo de 2026.

A presidenta da Comisión Electoral pide que se aprobe a acta.

Apróbase por asentimento.

2. Informar sobre a resolución reitoral que regula o exercicio dos dereitos electorais do persoal da Universidade de Vigo nas eleccións á Reitoría e a representantes no Claustro Universitario 2026, a resolución do aboamento as persoas membros das mesas electorais do importe establecido na normativa vixente en concepto de gastos de manutención e a composición definitiva da mesa da Reitoría.

A presidenta informa que o criterio para designar os membros da mesa electoral será a antigüidade.

Por outra banda, a axuda de custo será acorde co grupo ao que pertenza o traballador.

3. Toma en consideración do recurso presentado por Lucas Carmelo González Matías contra a resolución da Comisión Electoral sobre a desestimación da súa reclamación aos censos provisionais.

A presidenta di que o criterio que marca a normativa electoral é o departamento e o centro con maior docencia e que, feita a consulta ao Servizo de PDI, a docencia está concentrada na Facultade de Ciencias de Ourense e a Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra, polo que non é posible asignalo á Facultade de Bioloxía.

Apróbase esta proposta por asentimento.

4. Toma en consideración do escrito presentado por Jacobo Porteiro Fresco.

Este escrito está relacionado co punto 5 da orde do día polo que se tratará a continuación

5. Aprobación, se procede, da instrución da Comisión Electoral sobre os actos permitidos con carácter previo ao inicio da campaña electoral nas eleccións á Reitoría da Universidade de Vigo 2026.

A presidenta explica esta instrución, facendo fincapé en que nos actos de precampaña non se permite a petición expresa de voto en calquera acto público ou de difusión pública en medios de comunicación. Ao mesmo tempo tamén avoga pola neutralidade institucional.

Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da instrución da Comisión Electoral para o desenvolvemento da campaña electoral nas eleccións á Reitoría da Universidade de Vigo 2026

As notas a destacar desta instrución, segundo comenta a presidenta, serían:

- Calendario da campaña electoral: do 20 de abril ao 4 de maio, ambos inclusive.
- As peticións a centros para desenvolver actos, faranse con 24 horas de antelación mínimo, e non deberán interferir nas actividades académicas.
- Cada candidatura disporá dunha conta de correo específica e unha lista de distribución, así como un local con medios adecuados no Edificio Exeria, un vehículo con condutor e unha partida orzamentaria de oito mil euros asignada pola Xerencia.

Apróbase por asentimento.

7. Instrucións para os decanatos e direccións de centros: designación dos membros da Xunta electoral e dos membros da mesa electoral.

Recibidas moitas consultas dos decanos e directores dos centros, faise a instrución para aclarar e resolver dúbidas sobre mesas electorais:

- En segunda ronda as mesas electorais serán as mesmas.
- Só se admitirá un certificado médico oficial para escusar formar parte da mesa na que se foi elixido.
- Se se dese o caso, de non haber suficientes membros para constituír una mesa electoral a Xunta electoral será a encargada de resolver.
- As urnas correrán a cargo da Comisión Electoral.
- Federico Fernández pregunta cantos membros da mesa teñen que estar presentes para estar validamente constituída e a presidenta responde que mínimo dous.
- A Secretaría Xeral estará ao dispor durante toda a xornada electoral.

8. Quenda de intervencións.

Non se produce ningunha intervención.

A presidenta dá as grazas por asistir.

E así remata a xuntanza sendo as 12:45 horas do que eu como secretario dou fe.

A presidente da Comisión Electoral

O secretario da Comisión Electoral